



3.- Escollendo etapa: Infantil, primaria ou ESO ou bacharelato?:

En canto accedamos á aplicación teremos que escoller entre traballar coa versión para primaria, infantil, ou secundaria (ESO e bacharelato) en tódolos casos o funcionamento é idéntico, xa que só cambia o currículo co que se elaborarán as diferentes UDIs. Cada unha dúas versións é independente da outra podendo alternar entre elas sempre que se queira entre elas, premendo na icona da “casiña” que te levará novamente a este menú inicial.

Benvi@a Prográmame

oscar_abilleira escolle con que etapa queres traballar:

INFANTIL

PRIMARIA

ESO*

BACHARELATO*

Botóns principais para o traballo cos currículos de Galicia.

** Outros territorios e CCAA

INFANTIL MEC

PRIMARIA MEC

ESO MEC

BACHARELATO MEC

unidades e territorios (en tódalas etapas), así como a dispoñibilidade do acceso a cada unha delas depende de usu respectivos currículos. Máis información [aquí](#).

o currículo da túa área/materia nestas etapas, solicitar a incorporación dunha CCAA ou territorio contacta con info@r

* Botóns experimentais para o traballo con outros currículos diferentes ó galego.

No caso de **Educación primaria, ESO e bacharelato** a aplicación emprega o currículo oficial da etapa, e no caso de **infantil** usará a concreción curricular integrada, elaborada no CEIP. Pedro Antonio Cerviño a partir do currículo oficial de Educación Infantil (xa que o currículo de infantil non se atopa distribuído de xeito integrado). En tódolos casos trabállase sobre os currículos da Comunidade autónoma de Galicia. * No caso dos currículos de ESO e Bacharelato non se atopan dispoñibles tódalas áreas xa que só aparecen aqueles que están sendo a introducidas por usuarios colaboradores.

* O mesmo sucede **para as etapas de outros territorios e CCAA distintos de Galicia**, onde usuarios que así o solicitaron poden introducir os currículos dos respectivos territorios e traballar coa aplicación de modo experimental.



Nas seguintes páxinas traballarase indistintamente coas diferentes versións, pero o funcionamento é idéntico para calquera das catro etapas..





Prográmame-UDIS conta cun sistema de “**auto-zoom**” que fai que se axuste ó ancho da ventá na que se atope. Esta opción aparece marcada por defecto cada vez que se accede á aplicación, pero pode desmarcarse na opción correspondente, cando así o prefirades (voltará o tamaño orixinal por defecto):

